

No cole de Belesar

Aínda me lembro do día
que aparecín de nova en Belesar.
Pensara que me perdera
pero ao fin cheguei.

Saudoume a Groba
e Eduardo abriumo o cancel.
Así souben que estaba
nun cole do dez.

*O cole de Belesar
é a casa que quero para min.
Cando chegas échete o espírito
e faite feliz.*

Todo nunha planta baixa
coas portas abertas para ti
nenos e nenas felices
e poden correr.

Os mestres saúdan
e te dan apertas e bicos tamén.
As familias sempre unidas
Todo soa ben!

*O cole de Belesar
é a casa que quero para min.
Cando chegas échete o espírito
e faite feliz.*

Ningún timbre desentona
pois na radio a música non ten fin,
e na charca todos xogan xuntos
non se queren ir.

*O cole de Belesar
é a casa que quero para min.
Cando chegas échete o espírito
e faite feliz.*

Ningún timbre desentona
pois na radio a música non ten fin
e na charca todos xogan xuntos
non se queren ir.
non se queren ir.
non se queren ir.



Escoita a canción en <https://goo.su/fZ9E> ou neste código QR